COLABORACIÓNS páxinas 2 a 6
COMPLEMENTARIAS páxinas 7 a 12
ESCOLARES páxinas 13 e 14
RECANTOS páxinas 15 a 17
ANPA páxina 18

A fantástica viaxe de Patri

Casa das Asociacións
Antiga Estación de Cornes
Santiago

A actividade relata unha viaxe realizada a través de tres pezas musicais e tres contos de situación. Nela, cóntase como unha nena vai, pouco a pouco, descubrindo a lingua galega. Primeiro no ámbito familiar e logo, en todos os demais ámbitos da vida.
Asistíu o Alumnado de 4 anos o mércores 14 de outubro de 2009 e o alumnado de 5 anos o venres 16 de outubro de 2009.

Enerxías renovables

Esta actividade dirixida ao alumnado de primaria, estivo enfocada ao fomento e coñecemento das enerxías renovables. Constou dunha sesión informativa na que se falou dos distintos tipos de enerxías e as súas vantaxes.
Entre as actividades prácticas fabricouse: Un papaventos / Un forno solar / Un reloxo solar.
Participou o alumnado de 4º.

JGMOZ_J1NTOS

É un programa de actuación para o emprego axeitado das novas tecnoloxías en nenos, nenas e xoves e para a prevención do seu uso abusivo. O programa ofrece ao profesorado, aos pais e nais, recursos educativos e didácticos de apoio permanente.
Este proxecto, enmarcado dentro do "Plan Avanza, Ciudadanía Digital" que subvenciona o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e levado a cabo pola CONFAPACAL promove a realización de talleres en centros de ensino con obxectivo de informar sobre os aspectos a ter en conta no uso responsábel e seguro das novas tecnoloxías.
No noso centro desenvolveuse un cursiño de 3 horas.

A Cincenta

Auditorio de Galicia
Santiago

"A Cincenta" consiste nunha adaptación da ópera orixinal *A Cenerentola* de Gioacchino Rossini, dirixida por Joan Font (director de "Comediants"). Asistíu o alumnado de 5º e 6º.

DARÍO 5ºA

O luns, día 9 de novembro, fomos ao Auditorio de Galicia a ver e escoitar a ópera A Cincenta.
A historia que contaba parecíase ao conto da Cincenta, pero tiña cousas diferentes: o malo era o padrasto, non a madrasta. Cincenta non ten que escapar ás 12 da noite... pero, igual que no conto, namórase do príncipe e deciden casar.
Empeza a obra saíndo ao escenario unha ratiña que resume a historia. Durante toda a ópera fai de narradora, contándonos que vai ocorrer en cada escena, nas que as distintas personaxes cantan.
Todos levaban traxes moi coloridos e diferentes dos que vestimos cada día.
Gustoume todo: a maxia, as cancións, as cores do escenario... e a rata, que foi á que mellor entendín.